



CONTRA A NEGOCIACIÓN PERMANENTE, EN DEFENSA DO EMPREGO EN TELEFÓNICA: NON Á PRÓRROGA DO CONVENIO

O sucedido en Telefónica desde a sinatura do actual Convenio Colectivo non fixo máis que darnos a razón aos que vimos denunciando os perigos da “negociación permanente”: Falta de transparencia, ocultación da información e das consecuencias dos asuntos que alí se tratan, imposibilidade do conxunto do cadro de persoal para participar, opinar e decidir, secuestro da Negociación Colectiva por uns poucos, desmobilización do persoal, etc.

En definitiva: xogar co noso medio de vida, os nosos empregos en Telefónica, ás nosas costas.

Esa forma de manexar as relacións laborais mediante a “Negociación Permanente”, denunciada pola C.I.G. en todo momento, acadou a súa máxima expresión **no presente Convenio**; de feito, **máis que un Convenio é un marco de Negociación Permanente**, onde teñen cabida as seguintes **comisións e grupos de traballo** (Si, 12!!), unha maraña burocrática digna de Kafka:

- Comisión de Interpretación e Vixilancia.
- Comisión de Negociación Permanente.
- Comisión de Clasificación Profesional.
- Grupo de traballo de Normativa Laboral.
- Grupo de Ordenación do Tempo de Traballo.
- Comisión de Emprego.
- Grupo de traballo de Provisión de Recursos Humanos.
- Comisión de Igualdade de Oportunidades.
- Comisión Central de Formación.
- Comisión de Comercial.
- Comisión de Seguimento de Asistencia Sanitaria.
- Comisión de Fondos Sociais.

E non esquezamos os preceptivos Comité Intercentros e o Comité Central de Seguridade e Saúde; mais non lles chega, e no colmo do paroxismo, por se non fose bastante e diante da presión dos traballadores/as no asunto da Clasificación Profesional, acaban de inventarse a Comisión da Comisión, para tratar a flexibilización e a multifunción de Operacións.

Aínda máis, nin sequera respectaron ese marco de Negociación Permanente durante a vixencia do Convenio e, poñamos por caso, rebentaron os límites da Cláusula de Revisión Salarial, ou sacaron da manga a “función” ABTC, sen control e sen garantías sindicais; nin falar da Cláusula de Emprego: desde a entrada en vigor do Convenio non só non se ampliaron os 500 empregos comprometidos senón que continuou a redución do persoal, sobre todo na Galiza, cunha redución de 50 empregos, cando deberan terse ampliado en 30 máis segundo o acordado no Convenio.

O actual Convenio é papel mollado para @s traballador@s e só lle é útil a Telefónica e a todo un almeiro de personaxes revoando ao redor da Dirección da Empresa co obxectivo de entregarlles as nosas condicións laborais, o que significa o Contrato Colectivo de Emprego en Telefónica.

Conscientes como ninguén da gravidade do que pretenden facer, andan embarcados en novas manobras de ocultación, agardando a que baixen as augas da mobilización d@s traballador@s, a espera de que pase a maré das Eleccións Sindicais.

Mais os obxectivos da Empresa, postos en evidencia durante a negociación do Convenio, seguen aí, vivos no enredo da negociación permanente:

- Horarios laborais a conveniencia, xornada partida, bolsa de horas, semanas de até 65 horas, etc...
- Suprimir a antigüidade, o premio de servizos prestados e a garantía de emprego até a xubilación...
- Redución do Salario Base, conceptos salariais variábeis, Valoración do Desempeño, etc...
- Flexibilidade funcional, desenvolvemento profesional e relacións laborais individualizadas, etc...
- Mobilidade xeográfica, traslados condicionados aos movementos de Clasificación Profesional,...

Se cada un de estes aspectos por solto é un atentado ás nosas condicións laborais, o conxunto dos cambios pretendidos pola Empresa no marco de Negociación Permanente, amparada no presente Convenio, é un auténtico “Borrón e conta nova”. Ningunha “transformación” nin cambio de marca, (Telefónica/Movistar) debe facernos esquecer o compromiso Colectivo que une a Telefónica co seu cadro de persoal, froito da historia da Empresa, da nosa achega como traballador@s ao que hoxe é a empresa e dos acordos acadados no pasado como resultado das nosas loitas e reivindicacións.

Por que ninguén pode arrogarse a facultade de cambiar o noso contrato de traballo sen o noso consentimento, debemos opornos á prórroga do Convenio, porque non significa máis que unha nova oportunidade para negarlle a voz @s traballador@s, nun asunto que é de capital importancia para nós: o contido do **Contrato Colectivo de Emprego en Telefónica tal e como o vimos definindo:**

1. Conceptos salariais consolidados crecentes ao longo da vida laboral, até a xubilación.
2. Clasificación profesional; funcións e formación, específicas e determinadas.
3. Ordenación do tempo de traballo; horario persoal e familiar ordenado e preestabelecido.
4. Localización xeográfica consolidada do posto de traballo.
5. Expectativas de desenvolvemento profesional mediante convocatorias reguladas.

A prórroga non é máis que unha opción contemplada no actual Convenio, como tamén o é a fin da súa vixencia e a apertura dunha nova negociación onde se poida producir a participación de tod@s @s afectados, o colectivo de traballador@s de Telefónica, nun marco de transparencia e dereitos sindicais que permita recuperar o protagonismo que deben ter as asembleas de traballador@s e os comités provinciais.

Esa decisión deben tomala @s traballador@s e ninguén máis, durante o segundo semestre de 2010, tal como establece a “Cláusula 2-Vixencia”, polo que debe producirse un debate sobre a conveniencia e o sentido de tal decisión; a posición da C.I.G. é clara e convidamos ao conxunto do persoal a sumarse a ela:

- NON AO MODELO DE GRUPOS PROFESIONAIS PARA A CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.
- NON Á RUPTURA DO SALARIO.
- **PECHE DAS MESAS DE NEGOCIACIÓN PERMANENTE.**
- **NON Á PRÓRROGA DO CONVENIO.**

**¡ ¡ FRONTE Á NEGOCIACIÓN PERMANENTE:
MOBILIZACIÓN PERMANENTE!!**

Pontevedra, 7 de xuño de 2010.-